

«Pereiro estaba á marxe do ruído do mundo, pero non da sociedade»

Camilo Franco VIGO / LA VOZ [CULTURA](#)

07 abr 2011.

Ana Acuña acaba de publicar a obra poética completa de Lois Pereiro.

Edicións Xerais de Galicia acaba de publicar a obra poética completa de Lois Pereiro. Ana Acuña foi a responsable desta edición, que ofrece unha dimensión «máis global».

-Unha vez que se reúne nun volume a poesía de Pereiro, ¿que nova dimensión aparece?

-Penso que a poesía reunida nun único volume dá unha dimensión máis global da vida e da obra de Pereiro. Así, creo que a poesía completa axuda a visualizar a súa evolución poética, a reparar nas características da súa obra (por exemplo, o hibridismo lingüístico en «cinco idiomas traballosamente interpretados», como el escribiu) e a comprobar a súa preocupación pola lingua na procura do mot juste en cada poema. Ademais, o coñecemento da súa poesía permítelle ao lector relacionala coa obra en prosa, decatarse das súas preocupacións sociais e do seu compromiso co galego dende os 17 anos, cando decidiu que esa sería a súa lingua poética.

-Fala na introdución do profundo coñecemento da cultura e da contracultura.

-A obra de Pereiro dá unha idea do coñecemento do que el denominou «afiado terrorismo literario austro-alemán», pero tamén do coñecemento da literatura norteamericana, dos movementos musicais, cinematográficos, do atlantismo? Non esquezamos que el deixou dito que a súa xeración «vivió coas portas abertas a todos os mundos» fronte á realidade mediocre e censurada.

-¿Como situaría a Pereiro en relación coa xente da súa xeración?

-Pereiro andou un camiño senlleiro e independente, a pesar da súa inclusión dentro da xeración dos oitenta. Nunha entrevista a Luís Díaz dicíalle: «Non formo parte de ningún grupo poético, ademais hoxe xa non os hai».

-¿Como cre que pesan as circunstancias vitais de Pereiro na lectura da súa poesía?

-El mesmo declarou ese peso das circunstancias vitais, máis presentes no último libro, «moito máis encarnado no sangue, na vida, nas vivencias que transcorreron nestes últimos anos da miña vida».

-Pereiro foi unha figura máis ben a distancia dos academicismos. ¿Como ve en relación con iso a celebración do Día das Letras?

-Estaba á marxe «do ruído que xera nesta época o mundo», pero non do idioma nin da sociedade do seu tempo. A poesía de Pereiro entronca coa vida (en todos os sentidos, bo e malo) e que este ano todos esteamos pendentes del demostra que a disidencia pode ser parte do sistema e que –como escribiu Castelao– «hai sitio para todos».